



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Aprobación de expediente urgente que non pode esperar á sesión ordinaria do mes de xaneiro de 2019»
Data	14 de decembro de 2018
Duración	Desde as 10:00 ata as 10:37 horas
Lugar	Sala de sesións da Casa Consistorial
Presidida por	Regina Polín Rodríguez
Secretario	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33860503H	Carlos Plácido Buján López	SÍ
76580439F	Daniel Díaz Méndez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33852423B	JOSE FERREIRO FERNÁNDEZ	NON
33621263R	Jesús Veres Vázquez	SÍ
35105471L	Jordi Blengua Penedo	SÍ
76576132R	José Manuel Saa Devesa	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

76571390C	Pedro Pérez Fanego	SÍ
33803021J	Regina Polín Rodríguez	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. JOSE FERREIRO FERNÁNDEZ: «Ausencia xustificada»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da Addenda ao “Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz”. Expte. 391/2018.

Favorable

Tipo de votación:
Ordinaria
A favor: 9,
En contra:
4,
Abstencións: 0,
Ausentes:
0

Proposta de alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Concello de data 11/12/2018 e a seguinte:

"Aprobación da Addenda ao “Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz”. Expte. 391/2018.

O “Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz” foi aprobado pola XGL da Deputación de Lugo en data 29/06/2018, e por acordo plenario do Concello de Guitiriz en data 26/07/2018, previo

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

informe de secretaría de data 10/07/2018, formalizándose en data 3/08/2018.

Visto o borrador de addenda ao “Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz”, remitido pola Deputación de Lugo en data 5/12/2018 para a súa aprobación polo Concello.

O borrador de addenda indica que partes asinaron dito convenio na data de 3 de agosto de 2018 para a financiación e construción do centro de atención a persoas maiores de Guitiriz, vixente na actualidade. Este convenio debe modificarse na contía e vixencia, pasando dun orzamento total de 1.200.000,00 € a 1.677.011.21 € (como consecuencia do presuposto base de licitación de dito proxecto). Doutro lado, o proxecto fixa un prazo de execución de 12 meses, de modo que, atendendo aos trámites de licitación, adxudicación e comezo da obra resulta que se estenderá a súa execución no ano 2020, alomenos como previsión inicial. En consecuencia incorporase financiamento para o ano 2020 no importe 477.011,21€.

A modificación consiste en modificar a cláusula primeira, cuarta e sexta do convenio. As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta Addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio de interadministrativo suscrito con data 3/08/2018, esta Addenda de Modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 5/12/2018 no que conclúe o seguinte:

O “Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz” foi aprobado pola XGL da Deputación de Lugo en data 29/06/2018, e por acordo plenario do Concello de Guitiriz en data 26/07/2018, previo informe de secretaría de data 10/07/2018, formalizándose en data 3/08/2018.

O borrador de addenda ao “Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz”, foi rexistrado no Concello de Guitiriz con data 5/12/2018.

En canto ao convenio de colaboración xa aprobado por acordo plenario de data 26/07/2018, e formalizado en data 3/08/2018, remítome ao sinalado pola secretaria anterior no seu informe xurídico de data 10/07/2018 que consta no expediente.

En canto á modificación do convenio proposta mediante unha Addenda ao mesmo remitida en data 5/12/2018, está previsto na clausula 7ª do convenio, sendo o órgano competente para a súa aprobación o Pleno da Corporación por maioría simple. A Addenda proposta consiste en modificar a cláusula primeira, cuarta e sexta do convenio, referidas ao importe total e á achega da Deputación (que pasa de 1.000.000 euros a 1.477.011.21 euros, engadindo 477.011,21 euros na anualidade de 2020), e ao prazo de duración do convenio (que se estende ata o 31/12/2020). As cláusulas restantes do convenio non quedan afectadas pola Addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ao non ter efectos económicos para o Concello a Addenda de modificación do convenio non é preceptivo o informe de fiscalización de intervención.”

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Considerando o disposto á colaboración interadministrativa nos artigos 27, 55 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e demais normativa de aplicación. Considerando a atribución concedida ao alcalde e ao Pleno polo artigos 21.1 e 22.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local así como a Disposición Adicional segunda da LCSP 9/2017.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos do Pleno e fiscalización de intervención, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte addenda ao “Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz” aprobado por acordo plenario de data 26/07/2018 e formalizado en data 3/08/2018:

“ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES NA CONSTRUCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO MUNICIPIO DE GUITIRIZ, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 29 de xuño de 2018.

En Lugo, a de de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, don Darío Campos Conde, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-27000001 e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra dona Regina Polín Rodríguez con DNI nº 33.803.021-J, Alcaldesa, que actúa en nome e representación do Concello de Guitiriz, con CIF P-2702200J, con sede na rúa do Concello, nº 4 – Guitiriz, con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Ante dona María Esther Alvarez Martínez, que actúa como Secretaria da Deputación Provincial de Lugo en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación, mediante acordo de data 29 de xuño de 2018 aprobou o texto do convenio interadministrativo a subscribir entre esta Deputación Provincial e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz.

A Deputación encargou o proxecto técnico para a licitación e execución da obra do centro de atención a persoas maiores, redactado polo arquitecto D. Luís Asorey Daviña, con un presuposto base de licitación de 1.662.430,00 € que supera o gasto inicialmente previsto. Asemesmo, asumindo o custe da redacción do proxecto e taxas administrativas derivadas deste.

SEGUNDO.- As partes asinaron dito convenio na data de 3 de agosto de 2018 para a financiación e construción do centro de atención a persoas maiores de Guitiriz, vixente na actualidade. Este convenio debe modificarse na contía e vixencia, pasando dun orzamento total de 1.200.000,00 € a 1.677.011,21€ (como consecuencia do presuposto base de licitación de dito proxecto). Doutro lado, o proxecto fixa un prazo de execución de 12 meses, de modo que, atendendo aos trámites de licitación, adxudicación e

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

comezo da obra resulta que se estenderá a súa execución no ano 2020, alomenos como previsión inicial. En consecuencia incorporase financiamento para o ano 2020 no importe 477.011,21€.

Polo anteriormente exposto, as partes formalizan e subscriben a presente Addenda de modificación con suxeición ás seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula primeira, cuarta e sexta do convenio, que quedarán redactadas como segue:

"PRIMEIRA.- Obxecto

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre o Concello de Guitiriz e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias, para acadar fins comúns mediante da construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, rehabilitando un edificio de titularidade municipal denominado "Casa da Botica".

Para alcanzar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizar o seguinte investimento e actividade:

INVESTIMENTO	ACHEGA FINANCEIRA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA FINANCIERA DO CONCELLO GUITIRIZ
1.-CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO MUNICIPIO DE GUITIRIZ, MEDIANTE A REHABILITACIÓN DUNHA EDIFICACIÓN DE TITULARIDADE MUNICIPAL DENOMINADA "CASA DA BOTICA"	1.462.430,00 €	200.000,00 €
2.- CUSTES REDACCIÓN PROXECTO MODIFICADO E TAXAS ADMINISTRATIVAS (14.520,00 + 61,21 RESPECTIVAMENTE)	14.581,21 €	
TOTAL	1.477.011,21 €	200.000,00€
TOTAL CONVENIO		1.677.011,21 €

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para ese fin común, prestándose mutuamente a colaboración requirida.

(...)

CUARTA.- Réxime económico.

1.- Achega financeira da Deputación:

1. A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 1.477.011,21 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio de acordo coas actuacións que figuran na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentarias 2315.650.09, do orzamento xeral da Deputación de Lugo das anualidade 2018, 2019 e 2020, na modalidade de gasto plurianual, supeditándose a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2018: 300.000,00€.

Ano 2019: 700.000,00€

Ano 2020: 477.011,21€

2.-Achega do Concello:

2.1.- O Concello de Guitiriz aportará 200.000,00 €, para a construción do centro de atención a persoas

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

maiores do municipio de Guitiriz, conforme ao seguinte desglose:

Ano 2019: 200.000,00 €

O importe a financiar polo concello de Guitiriz, será ingresado na conta da Deputación ES04-2080-0163-8531-1000-0423 de conformidade cos seguintes ítems:

- a) A aportación farase efectiva contra certificación de obra.
- b) O concello de Guitiriz deberá remitir a Deputación Provincial os acordos adoptados de financiamento mediante certificado de retención de crédito cando proceda e, en todo caso, os compromisos de entrega de fondos en cumprimento deste convenio.

No caso de impago da cantidade a financiar polo concello de Guitiriz, a Deputación poderá obter o ingreso do nominal da cantidade non desembolsada polo procedemento administrativo, con arranxo ás normas que para a recadación de fondos provinciais establece a lexislación de Réxime local e a que, por remisión desta, rexe para a exacción de ingresos de dereito público.

Porén o anterior, a Deputación poderá seguir vía ordinaria para reclamar o pagamento da cantidade co concello chegase a deber a esta Deputación, autorizando á Deputación para que realice a compensación da cantidade vencida e non pagada mediante retención das entregas a conta que teña que ingresar a Deputación ao Concello. Ditas retencións practicaranse logo da tramitación do correspondente expediente contradictorio.

2.2.- Poñer a disposición da Deputación provincial, as parcelas con referencia catastral 9917430NH8891N0001XB e 9917431NH8891N0001B, libre de cargas e gravames con licenzas urbanísticas e permisos sectoriais necesarios para a construción do equipamento residencial. O Concello comprométese a adoptar os acordos e desenvolver os trámites xurídico-administrativos necesarios para a posta a disposición da Deputación de dito inmovible, consonte coa lexislación e instrumentos de xestión patrimonial, configurada como unha técnica de cooperación, a fin de que a Deputación constrúa o equipamento residencial.

3.- Baixas na licitación:

En caso de producirse baixas na licitación, a Deputación Provincial, aplicará os remanentes, por este orde aos seguintes gastos e necesidades:

Primeiro.- Aos custes das direccións facultativas que se precisen para a execución das obras, de ser xustificadamente externalizadas. No caso de non producirse baixas as direccións facultativas nas respectivas licitacións deberán ser asumidas polo persoal do ente provincial.

Segundo.- Ao pagamento de tributos que se liquiden polas licencias ou títulos habilitantes que outorgue o Concello para a construción e ocupación do centro de atención a persoas maiores.

Terceiro.- A equipar, co mobiliario esixido na normativa aplicable, dito centro.

4.- Titularidade dos resultados da cooperación:

Os resultados da cooperación serán compartidos, nos seguintes termos:

Rematada a construción do centro de atención a persoas maiores de Guitiriz, efectuarase a recepción das obras polo órgano de contratación conforme a lexislación contractual. A este trámite será convidada a representación do Concello de Guitiriz.

Unha vez finalizadas as obras e antes do inicio de actividade efectuaranse as operacións patrimoniais que procedan, de conformidade coa lexislación patrimonial, a efectos de inventario da Deputación ou do Concello, segundo se acorde en instrumento específico, habilitando a prestación do servizo que lle compre a edificación.

A Deputación, como órgano de contratación, facilitará a documentación e antecedentes de que dispoña, a efectos de incorporar ao inventario que se determine, e para efectuar as operacións rexistras procedentes.

(...)

SEXTA.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prorroga expresa antes da finalización do prazo, o 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público."

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

SEGUNDA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta Addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio de interadministrativo suscrito con data 3 de agosto de 2018, esta Addenda de Modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo."

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo á Deputación Provincial de Lugo e facultar á Sr. Alcaldesa para a sinatura da correspondente Addenda ao convenio de colaboración e demais actuacións precisas para a execución deste acordo."

Aberto o debate pola Presidencia a Sra. Alcaldesa presenta a seguinte emenda á proposta dictaminada pola comisión informativa para modificar tamén a cláusula terceira do convenio a través dunha addenda nº2 ao convenio para estender o prazo de remate e recepción das obras ata o día 31/05/2020, que se asinará como un texto refundido das addendas nº1 e nº2:

"ADDENDA Nº2 AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES NA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO MUNICIPIO DE GUITIRIZ, (...)

PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula terceira do convenio, que quedará redactada como segue:

"TERCEIRA.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar o financiamento previsto na cláusula "cuarta".

Redactar e aportar o proxecto técnico para a construción do centro residencial.

Obter os permisos e autorizacións sectoriais necesarias para a construción do equipamento, agás os que sexan de competencia e intervención municipal e necesarios para obter as licencias urbanísticas e títulos municipais habilitantes para o

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

apertura e exercicio da actividade do centro residencial.

Actuar como órgano de contratación e tramitar a contratación das obras, nas distintas fases, ata a súa recepción e liquidación do contrato para construír o centro residencial, obxecto deste convenio, con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Licitat, rematar e recibir as obras do centro de atención a persoas maiores, na data límite do 31 de maio de 2020, que se executarán nas parcelas con referencia catastral 9917430NH8891N0001XB e 9917431NH8891N0001IB.

Recibir as obras contratadas, conforme aos trámites previstos nos artigos 243 e concordantes da Lei 9/2018, do 8 de novembro (LCSP).

Convidar á representación institucional do Concello de Guitiriz aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das obras.

Difundir a colaboración prestada por ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou similares), facilitadas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

Comunicar o acordo polo que se aproba este convenio ao Concello de Guitiriz.

(...)"

SEGUNDA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta Addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio de interadministrativo suscrito con data 3 de agosto de 2018, esta Addenda de Modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo."

Sometida a emenda a votación é aprobada por 9 votos a favor dos grupos PSOE, BNG,

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Independente-CG, e concelleiro non adscrito, e 4 abstencións do grupo PP, polo que engádense ao acordo que se someterá a votación a Addenda nº2 transcrita anteriormente.



Voceiro do grupo PP pregunta se é unha residencia ou un centro de atención as persoas maiores, e di que conste en acta que o PP non está en contra dunha residencia para Guitiriz pero si está en contra da ubicación elixida.

Di á Sra. Alcadesa que notase as leguas que vostede non fixo nada nestes catro anos, e agora intenta facer nestes derradeiros meses do seu mandato, xa que outro non vai ter, pois a xente deste concello xa esta farta de mentiras e mentiras que vostede vai contando. Pasoulle en Parga e vailla pasar en Guitiriz, xa que ninguén cree na súa "democracia", que é una REGINOGRACIA, e dicir unha ditadura camuflada.

Mire Sra. Polín, voutle facer un pequeno resumo, para que a xente deste Pleno o saiba, e os seus compañeiros de partido se decaten das súas mentiras. Primeiro, ía facer unha "residencia en Parga", enganou os/as veciños/as, que están que trinan e non fixo nada. Ben, si que o fixo, deixalos empantanados economicamente entre vostede e os seus compinches. Segundo, ía facer unha "residencia en Guitiriz", residencia moderna, con espaxamento para os nosos maiores, tanto dentro como fora, xardíns, ambigü, enfermería, salón sociais, aparcadoiros para os coches, etc.

Mais un día ergueuse de súbito, e amosáronlle a "CASA DA BOTICA", e vostede quedou abraiada pola súa beleza interior, pois atopou unha lareira antiga e catro chuminadas e metéuselle na súa testa facer un Centro Social.

Todos os que estamos aquí, políticos e oíntes, coñecemos perfectamente o que é un "Centro Social", para que serve e onde pode esta ubicado. Para iso sería un lugar adecuado, pois podería haber un salón de actos, un sitio para que a xente maior se distraia, e tamén a xente nova. Poderíanse dar clases de baile, de música, de idiomas, etc; charlas educativas de historia, medicina etc.; proxectar películas de cine, etc.; e por riba de todo isto conseguiríamos dúas cousas: poñer en valor un edificio singular, histórico e artístico da nosa vila recuperándoo, e por outra banda poñer en valor o seu uso, de maneira diaria para cousas comúns e cotiás, e de maneira extraordinaria para eventos de mais índole, segundo a súa importancia.

Tamén sabemos e somos coñecedores do que é un "Centro de atención as persoas maiores do noso concello", e non é, nin mais nin menos que un "Centro asistencial de día" ou "Centro de día". Mais vostede o que pretende facer é un "Centro Residencial da Terceira Idade", ou ven "Residencia da Terceira Idade" ou "Residencia de Anciáns" ou "Residencia Xeriatrica", que todo é o mesmo, e significa o mesmo, non así os dous anteriores puntos que reflicten outras cousa, outras maneiras de proceder e traballar, e dende logo, outros usos, distintos dunha "Residencia da Terceira Idade"

Mais o lugar do que vostede dispón, pois está empeñada niso, non e axeitado nin dentro, e menos aínda fora. Vostede pretende facer un Centro da Terceira Idade ou Residencia da Terceira Idade para xente rica, moitos deles fora do noso Concello.

Sabe vostede cantos labregos da nosa contorna van contar con 1.000 euros cando se xubilen? Dígollo eu, ningún. Cantas persoas deste concello dispoñen dos 1.300 euros, ou mais, que vai valer unha instancia para unha persoa válida?. Dígollo eu, un 2% da poboación. Paradoxos da vida, moitas desas persoas van preferir pagar o mesmo en residencias da Coruña, Betanzos ou Lugo que nesta que vostede quere facer, pois estarán mellor feitas, e non serán agobiantes, que é o que vostede propón "afogar en agobios" aos nosos maiores en espazos pequenos.

Por ultimo, que vai facer vostede coas persoas maiores que teñen algunha deficiencia física ou psíquica no noso concello? Onde se vai ubicar? Xa o ten pensado? Vainas mandar ao Cotelengo? Para rematar, dicirle que enganou aos veciños de Parga, e agora quere enganar aos de Guitiriz. Esta residencia ía estar para maio do 2019, e agora xa vai para o ano 2020. Segue mentindo e segue sen facer nada. Sra. Polín, vostede é un fracaso. Vaiase Sra. Polín, vaiase, deixe de encumbrarse e de mentir, xa que ninguén a cre, por que a súa REGINOGRACIA está chea de mentiras, de cambalachadas e de pouca democracia. Vaiase Sra. Polín, vaiase.

O concelleiro non adscrito di que mantén a mesma posición que no Pleno anterior de xullo, no que tivo dúas intervencións e non cambia nada do sinalado. Di que en cinco meses xa se modifica o convenio e que seguramente tendrá que volver a Pleno porque haberá máis cambios. Sinala que aínda que ese incremento de financiación do 40% o asume a Deputación está claro que calculouse mal e haberá que facer máis addendas de financiación.

O voceiro do grupo BNG di que esta claro que esta modificación do convenio venlle a dar a razón o BNG, vostede sempre lle parece que ten a razón, víase perfectamente que nin a baixada do orzamento da Deputación nin a data de remate da obra era real, era para saír na prensa e ir gañando puntos, como van facer agora para o mes de maio coas eleccións a volta da esquina, montan unha grúa na casa da Botica e a campaña das municipais feita.

Agora a Deputación aumenta o orzamento en 477.000 euros e o prazo de execución o estiman para finais do ano 2020, parece mais críbe que o anterior aínda que me imaxino que farán falta mais addendas o convenio.

Vanse aprobar as addendas para modificar as cláusulas primeira, cuarta e sexta do convenio xa aprobado no pleno de xullo, estamos a favor de modificar estas cláusulas porque o melloran, aínda que, como dixemos no pleno

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

de xullo o convenio que vostedes cociñaron coa Deputación, segue estando coxo e incompleto en moitos aspectos, por iso seguimos dicindo que farán falta máis modificacións.

No informe de intervención de data 16/07/2018 dicía claramente que os contidos dos convenios como así marca a Lei 40/2015 no seu artigo 49, tiña que deixar claras por exemplo a actuación que se vai levar a cabo con referencia expresa a un documento técnico (proxecto, memoria etc.) que defina concretamente a obra a realizar, vostede dixo no mes de xullo que xa se faría. Con respecto a titularidade dos resultados da cooperación tampouco queda definido se vai a ser a Deputación ou o Concello, falta tamén que no caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes para determinar a posible indemnización por incumprimento, está ben definida se incumpre o concello de Guitiriz, pero segue sen cumprimentarse a forma de indemnización se incumpre a Deputación, e isto é moi importante para os intereses do Concello que nós defendemos.

No BNG entendemos que as addendas que presentan para modificar o convenio son boas e interesantes, pero como lles acabo de comentar seguen deixando o contido do convenio coxo, fagan unha memoria de como vai a funcionar e deixen ben clarísimo quen vai a ser o dono da residencia, non sei se interesa deixalo claro como marca a lei ou se coas presas e urxencias que andan ultimamente non se deron conta de corrixilas.

Vamos a votar a favor destas addendas que melloran o convenio, aínda que recalcamos que van facer máis modificacións o texto que aprobaron en xullo.

O voceiro do grupo Independente-CG di que non está a favor da ubicación pero que a residencia hai que facela porque é necesaria, polo que vai a votar a favor das addendas que supoñen máis cartos.

A Sra. Alcadesa explica que no proxecto final o importe foi superior porque recolle os gastos xerais, beneficio industrial, impostos, etc.. que non se tiveron en conta inicialmente, e que a Deputación comprometeuse a asumir a diferenza para o ano 2020. Di que o titular vai ser o Concello, e que a Deputación revertirá as obras ao Concello que poderá xestionalo o encargar a súa xestión a Deputación. En canto á ubicación di que é cuestión de gustos, que a xente maior quere estar con xente, e que os centros que funcionan son os que están nos entornos urbanos. En canto ao cambio do título do proxecto, explica que a Xunta obrigou a modificalo, e que é un título máis amplo, pero que o obxecto é o mesmo, so que terá máis prazas porque o centro de día esta xa cuberto. En canto aos prezos, di que se poderán subvencionar, que non haberá ningunha residencia pública máis barata que as da Deputación, e que terán preferencia os habitantes de Guitiriz. Di que o PP en catro anos non fixo nada, so paralizar a residencia da Casa Botica con propostas inviables como o pelotazo urbanístico de Parga, a cidade verde ou a proposta de San salvador.

Na segunda quenda, o voceiro do grupo PP di vaise facer unha residencia para ricos, e que se o PP non fixo máis foi polos atrancos da vostede dende a Deputación.

O concelleiro non adscrito di que queren a residencia, pero que a ubicación non é óptima, que dende Europa, Cataluña, etc.. se acercaban aos colexios non aos centros urbanos. Sinala tamén que non saben nada do proxecto, que descoñecen a estrutura, se vai abrise unha rúa, se quedarán prazas de aparcamento, e que ese edificio se podería haber adicado a outros fins.

O voceiro do grupo BNG di que están modificando o convenio e que deberían ter o proxecto ou unha memoria técnica, que en 2011 sabían como quedaría, e que supoñen que será parecido. Di que conste en acta que non está o proxecto. Di que está de acordo con que se faga a residencia no casco urbano. En canto a un decreto sobre a taxa urbanística e o ICIO pregunta se o pagará a Deputación.

A Sra. Alcadesa explica que o proxecto entrou esta semana e non modifica moito do outro, e que a Deputación pagará a Taxa e o ICIO. Di que a residencia é para xente de Guitiriz, que non vai a debater máis o sitio, e que o 95% estarán satisfeitas.

Sometido o asunto a votación é aprobado por 9 votos a favor (maioría absoluta) dos grupos PSOE, BNG, Independente-CG, e concelleiro non adscrito, e 4 votos en contra do grupo PP.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178